

PREGUNTAS PREVIAS Á VISITA A NATURNOVA

SALA I: O UNIVERSO

1. Busca no dicionario as seguintes palabras: *estrela, planeta e satélite*. Pon un exemplo de cada unha.
2. Clasifica os seguintes planetas do sistema solar en rochosos ou gasosos. *Mercurio, Neptuno, Venus, Xúpiter, Urano, Terra e Marte*.
3. Que son as órbitas?

SALA II: O NOSO PLANETA

1. Que gases forman o aire da atmosfera?
2. Cando respiramos tomamos..... do aire e expulsamos.....
3. Que é o que mide cada aparato? Relaciona as dúas columnas:

TERMÓMETRO
BARÓMETRO
HIGRÓMETRO
PLUVIÓMETRO

HUMIDADE RELATIVA
TEMPERATURA
CHUVIA
PRESIÓN

4. A codia terrestre xunto coa parte superior do manto forman un conxunto denominado Esta está formada por bloques que encaixan entre si como as pezas dun crebacabezas. Cada bloque denomínase
5. Busca nun dicionario as definicións de *rocha e mineral*.
6. Agrupa as seguintes palabras en dúas columnas, unha que inclúa as rochas e outra, os minerais: *Granito, ferro, cuarzo, xisto, lousa, ouro, mica, piritita*.
7. Busca o significado dos seguintes termos: *Cadea trófica, bioma, biodiversidade, sabana, tundra, taiga e molusco*.
8. Que é unha *ave migratoria*? Cita algunha típica de Galicia.

SALA III: O HOME E O SEU MEDIO

1. Con que contaminamos a auga?
2. O ruído é un tipo de contaminación? Como se chama este tipo de contaminación?
3. Define *residuo orgánico e residuo inorgánico*. Intenta recordar que cousas tiramos diariamente no lixo e elabora dúas listas, unha cos residuos orgánicos e outra cos inorgánicos.
4. Que son os *combustibles fósiles*? Cal é a súa procedencia?
5. Define *fonte de enerxía renovable*. Coñeces algún exemplo?
6. A auga que lixamos na casa, cara a onde vai?
7. Que quere dicir que unha especie está *en perigo de extinción*?

PREGUNTAS PARA DESPOIS DA VISITA A NATURNOVA

SALA I: O UNIVERSO

1. Busca no dicionario: *Galaxia, asteroide, satélite, meteorito, cometa, constelación, mancha solar*.
2. O Sol encóntrase nun brazo da Vía Láctea, aproximadamente, a uns 30.000 anos luz do centro da galaxia. Sabendo que 1 ano luz é a distancia que percorre a luz no baleiro nun ano, e que equivale a uns 9,5 billóns de quilómetros, a cantos quilómetros de distancia está o Sol do centro da galaxia?
3. Menciona algunha característica de Venus, Marte e Neptuno.

SALA II: O NOSO PLANETA

1. Cantos litros de osíxeno haberá nunha botella de 10 litros chea de aire, se a proporción de osíxeno no aire é do 21% en volume?
2. Describe cales son as capas da atmosfera.
3. Pon en cada liña unha letra, completando así as palabras que che pide a clave:

___ A _____	1- Líquido imprescindible para a vida na Terra
___ I _____	2- Paso de xeo a auga
___ R _____	3- Capa da Terra formada por toda a auga líquida doplaneta
___ E _____	4- Mestura homoxénea de gases
4. Cita algunhas utilidades das rochas e dos minerais que as compoñen.
5. Entre as aves que podemos ver nas costas galegas destaca o corvo mariño cristado (*Phalacrocorax aristotelis*). Busca información sobre el e fai unha descrición desta especie.

SALA III: O HOME E O SEU MEDIO

1. Que é o efecto invernadoiro e que repercusións pode provocar o seu aumento?
2. Une os seguintes sons coas súas intensidades:

MURMURIO
CONVERSACIÓN NORMAL
RÚA RUIDOSA
DESPEGUE DUN AVIÓN

80 dB
150 dB
20 dB
50 dB

3. A auga doce é un ben escaso. Enumera algunhas condutas que nos axudarían a aforrar auga na casa.
4. Que normas ditarías para manter limpo o colexio e o seu arredor?
5. Tacha o que non sexa certo.
A polución atmosférica pódese diminuír poñendo en práctica as seguintes medidas:
 - Desprazándose unha persoa en cada coche.
 - Procurando que o motor dos coches funcione ben.
 - Poñendo filtros nas fábricas e instalacións de calefacción.